

Seres de sombra

Das cicatrices das máscaras

ARMANDO REQUEIXO

por fortuíto contextual, pois non é o escenario o importante, o pano de fondo, o campo de xogo, senón a complexa vivencia do elenco, as cicatrices das máscaras, as lúcidas ou bretemosas artes dos que xogan as vidas.

Que se recupere para esta obra un personaxe literario histórico como o de Urbano Rodríguez Moleto non é senón unha cumprida homenaxe a tantos como no pasado soñaron unha

v i -

lancólico canto ao fracaso na madurez.

Neste retablo de vidas minúsculas, de vidas menores que loitan tal que peixes en cardume, mandas que nadan contracorrente para (sobre)vivir no tránsito dun tempo, do Tempo, todo vira álbum de recordos, flashes e instantáneas dun pasado avolto, dunha memoria familiar que ancora nas neuroses duns personaxes moitas veces indefensos ante un destino que os supera, que os derruba, que os derrota.

Nunha década na que o referencial Premio Xerais de Novela tivo que aturar non poucos cadáveres literarios, este *Cardume* de Rexina Vega fulgura intensamente disipando sombras e dúbidas. Non podía haber mellor debut. Nin mellor circunstancia editora. Cómpre,

Hai unha liña que entretece a obra dalgúns dos máis notables narradores galegos dos últimos anos e que alcanza a Rexina Vega, gañadora da pasada convocatoria do Premio Xerais de Novela con *Cardume*. Esa liña –mellor cumpriría dicir esa dimensión– remansa no espec-tral, no fantasmal. E non me refiro agora ás *ghost stories* de ben vedraia tradición, senón aos textos que dialogan perpetuamente cos outros que nos son, cos que están alá e acó, na memoria (persoal e/ou colectiva) e no interior de nós propios. Suso de Toro, Ramón Loureiro ou Rexina Vega escriben sobre fantasmas; enténdaseme, problematizan a ultrarrealidade das sombras do ser, dos estados da materia (sentimental) fronteirizos, as físgoas mil-lenta da identidade multifragmentada, antinómica, dialóxi-ca.

Cardume está narrado coa pulsión dun tremor sísmico. Enleva as volutas dos fíos argumentais tensando un arco diexético do que sabemos de antemán o branco, pero faino artellando un clamor soterrado, entrecruzando historias larvadamente, dosificando a progresión da trama nunha estrutura contrapuntística deliciosamente elaborada, cunha prosa de beleza plástica notoria, meta-



STAMOS DIANTE
DUN BELO E
MELANCÓLICO
CANTO AO FRACASO
NA MADUREZ

fórica alta, sintagmática de reloxo suízo que asombra pola súa sabía contención, polo dominio da enurrada verbal ao que non rende un texto que, porén, non pode ser máis fermosamente poético.

Esta non é unha novela máis sobre a Guerra Civil. Iría alén: nin sequera é unha novela na que esa realidade deba interpretarse como norte magnético. É, iso si, unha historia de personaxes, dos reversos escuros da alma, das miserias que nos habitan e as grandezas que nos redimen, en tempo de (pre)guerra, se se quere, mais aquí amasadas así

da , nunha Galicia, diferente. Aos que, efectivamente, zocharon de nosos decontra a vesania bélica, pero tamén viviron os seus días tanteando un país de contradicións, de ignorancias infinitas e dunha desestruturación absoluta.

Cardume é a voz da aceptación, da resignación dos fracasos vitais. A desolación de non ter sido o que un chegar a ser, de non ter estado á altura das circunstancias históricas, do que os demais esperaban dun e un mesmo agardaba de si. É un belo e me-

pois, abando-narnos a esta historia de seres de sombra, ánimas agónicas e espíritos desvelados que nos acenan dende alá e dende o máis fondo de nós para preguntarnos, individual e colectivamente, quen fomos, quen somos e, sobre todo, quen queremos ser.

VEGA, Rexina, *Cardume*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 193 páxinas.